

## Encontro con Carlos Negro (21-05-24)

Programa Encontros Literarios - Dirección Xeral do Libro, do Cómic e da Lectura  
Ministerio de Cultura e Deporte

### **Aplicación instantánea**

**Col. Fóra de Xogo, Edicións Xerais de Galicia, Vigo: 2018.**

#### **Presentación editorial:**

Con Aplicación instantánea, a poesía conecta de modo inmediato co sistema operativo das túas emocións. Se decides descargar este programa no teu menú de lecturas, terás acceso ilimitado ao universo afectivo de catro avatares que entran na vida co furor da irreverencia: contra a orde exacta dos armarios, contra o balbordo das atraccións de feira, contra o monocultivo cerebral dos eucaliptos, contra a ferruxe dos discursos que ignoran o movemento das dunas. Atrévete a entrar e descubrirás que a poesía ofrece sempre un perfil inesperado.


Síguenos en Instagram: @aplicacion\_instantanea

#### **Antes de ler:**

1.- Lendo só o título e vendo a súa portada, imaxina un argumento para o libro.

2.- Les poesía? Lembras algún título ou poeta que che gustara?

3.- Coñeces algunha *app* sobre poesía? Cal?



**Despois de ler:**

1. Se tiveses que describir cunha soa palabra a personalidade de cada un dos avatares que aparecen no poemario cales escollerías?

@musamorta\_08 \_\_\_\_\_

@ofelia\_azul \_\_\_\_\_

@skornabois\_33 \_\_\_\_\_

@diva\_divina\_01 \_\_\_\_\_

2. Escribe un texto coma se fose para Instagram ou Twitter, semellante ao que encabeza cada parte do poemario, que te defina.

3. O poema *Adolescencia* (páx. 13) di:

*Medrar  
foi meter os dedos  
nos enchufes prohibidos.  
E quitalos  
un segundo antes  
de que todo rematase en desastre.*

Segundo a túa experiencia, este poema describe o que é ser adolescente? Razona a resposta.

4. Comenta o poema *Bilingüismo harmónico* (páx. 21). Cal é o tema, ou temas, do poema? Por que menciona un *carriño con esquís*?

5. Escribe o teu *Aviso para poñer na entrada do meu cuarto*, ao xeito do poema de igual título da páxina 33.

6. Escolle o poema que máis che guste de todo o libro e escribe aquí por que.

## 7. Le os seguintes poemas:

### Texto 1

@musa\_morta\_08

Aloitadora

Cal é a túa situación sentimental?

Non me sitúo,

fago por descolocarme,

troco de frecuencia e camuflaxe.

Salto dun lado a outro,

experimento,

levo a boca sabores dos insectos

E non acepto ningún trato

que me transforme

nun sucedáneo das estatuas.

Só así sei seguir,

como quen está de paso,

pero prende en silveiras das que aprende.

### Texto 2

@ofelia\_azul\_22

Aurora boreal

Meteoroloxía

Non son un ceo aberto

un espello

ao sol

só

un cúmulo

de circunstancias

(cos bordos case sempre brancos)

### Texto 3

@skornabois\_33

Okupa antilírico

Cando me acosan, cargo o revólver  
con versos.

Se escribise outro poema, quedaría en  
tres segundos sen balas

Son adicto a saltar obstáculos, a  
pintar graffitis onde rebenta o  
abandono.

Odio as cámaras ocultas do Sistema, a  
súa linguaxe de gases lacrimóxenos.

Practico parkour para que non me  
partan a boca a golpes de obediencia.

Vivo lonxe do centro, no barrio de  
abaixo, na barricada.

Desde aquí non se ve o futuro: hai  
demasiados eucaliptos.



♥ 1450 likes

- Compara estes tres poemas** e analiza as diferenzas e semellanzas que observes entre eles: na súa forma, temática, voz lírica, espazo, tempo, etc.
- Comenta en xeral a **temática** sobre a que tratan os poemas deste libro.
- Que **tres cuestións** lle formularías ao autor sobre a súa obra en xeral, sobre o seu traballo ou sobre este libro de poemas en concreto?
- Que **aspectos destacarías** deste libro? Algunha parte que che gustase máis? Algunha personaxe?...

### **BONUS (individual ou en parella:**

Elabora unha portada alternativa para o libro, crea un “artefacto” a partir dos seus textos, unha cápsula do tempo con obxectos relacionados con el, unha historia a partir dalgún personaxe ou personaxes, un scrapbook literario, un stop-motion dunha das historias, o perfil do IG dun deses nicks con 3 ou entradas...

- **Máis ideas na Aula Virtual:** “37 Ideas para facer un traballo sobre un libro”.
- Ligazón: <http://ir.gl/8ae04>